

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Número do Dog: 122

Páxina do Dog: 11.308

Data da Disposición: 23 de maio de 2005

Sección: III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Organismo: CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Rango: ORDE

Título: Orde do 23 maio de 2005 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo

Orde do 23 de maio de 2005 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á comunidade autónoma galega, transfírese no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local en virtude do Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro).

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, dispón na súa disposición transitoria que os colexios profesionais que estivesen constituídos á entrada en vigor desta lei adaptarán os seus estatutos a ela.

Dando cumprimento a esta disposición, o Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo acordou na asemblea xeral celebrada o 28 de xuño de 2003 a aprobación dos estatutos. Posteriormente foron comunicados a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, e verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar os estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo, que figuran como anexo a esta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2005.

Jesús C. Palmou Lorenzo

Conselleiro de Xustiza, Interior e

Administración Local

ANEXO

Estatuto do Colexio Oficial de Graduados

Sociais de Lugo

TITULO I

Do Colexio de Graduados Sociais

Artigo 1º

1. O Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo é unha corporación de dereito público, recoñecido pola Constitución e amparado polo ordenamento xurídico, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins con funcionamento e estrutura interna democrática.

2. Rexerese pola Lei de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, polos presentes estatutos, sen prexuízo da lexislación básica do Estado. A representación do colexio no ámbito nacional quedará integrada no Consello Xeral como órgano superior que representa e coordina a todos os colexios de graduados sociais de España.

Artigo 2º

1. O Colexio de Graduados Sociais de Lugo estará integrado polas persoas que teñan os títulos de graduado social, graduado social diplomado, diplomado en relacións laborais e reúnan os requisitos exixidos por estes estatutos e polas normas que lles sexan aplicables.

2. No exercicio profesional empregarase exclusivamente a denominación de graduado social.

Artigo 3º

1. O ámbito territorial do colexio corresponde coa provincia de Lugo, sen prexuízo da existencia das delegacións que se poidan crear conforme o previsto neste estatuto.

2. O domicilio do Colexio de Graduados Sociais de Lugo fíxase no entresollado do número trece da praza de Alacante desta cidade.

Artigo 4º

O Colexio de Graduados Sociais rexerese polas disposicións legais autonómicas ou estatais que lles afecten; polos presentes estatutos; os correspondentes ao Consello de colexios da Comunidade Autónoma de Galicia, se for o caso; os seus estatutos particulares; e polos regulamentos e acordos aprobados polos diferentes órganos corporativos no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 5º

1. Corresponde ao Colexio de Graduados Sociais de Lugo o exercicio das seguintes funcións dentro do seu ámbito territorial:

a) Ordenar no ámbito da súa competencia a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e a dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares, e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

b) Exercer a representación e defensa da profesión ante a Administración, institucións, xulgados e tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten aos intereses profesionais, e exercer o dereito de petición conforme a lei.

c) Cumprir e facer cumprir aos colexiados as leis e os estatutos profesionais, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais en materia da súa

competencia.

- d) Organizar e xestionar, cando proceda ou así se acorde, a representación da quenda de oficio.
- e) Emitir informe dos anteproxectos de disposicións de carácter xeral que se refiran as condicións do exercicio da profesión, entre as cales figuran o ámbito, os títulos oficiais requiridos e o réxime de incompatibilidades con outras profesións, así como as retribucións e honorarios.
- f) Servir de vía de participación orgánica nas tarefas de interese xeral de acordo coas leis.
- g) Participar nos consellos e organismos consultivos da Administración en materia de competencia da profesión do graduado social.
- h) Estar representados nos padroados e consellos sociais universitarios radicados no ámbito territorial do colexio.
- i) Participar na elaboración dos plans de estudo e informar das normas de organización dos centros docentes correspondentes á profesión de graduado social; manter contacto permanente con eles e preparar a información necesaria para facilitar o acceso ao exercicio profesional dos novos colexiados.
- j) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencia e de previsión, e outros análogos; prover ao sostemento económico cos medios necesarios e organizar, se for o caso, cursos para a formación profesional dos posgraduados.
- k) Procurar a harmonía e colaboración entre os colexiados impedindo a competencia desleal entre eles.
- l) Exercer as accións que as leis establecen para a represión do intrusismo profesional.
- m) Intervir, en vía de conciliación ou arbitraxe nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados.
- n) Resolver por laudo, a instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigacións dimanantes dos traballos realizados polos colexiados no exercicio da profesión.
- ñ) Establecer baremos de honorarios, que terán carácter meramente orientativo.
- o) Informar nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios profesionais, así como establecer, se for o caso, servizos voluntarios para o seu cobramento.
- p) Exercer cantas funcións lles sexan encomendadas pola Administración e colaborar con ela mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que poidan serlle encomendadas ou acorde realizar por propia iniciativa.
- q) Exercer a representación que establecen as leis para o cumprimento dos seus fins.
- r) Facilitar aos xulgados e tribunais a relación dos colexiados que puidesen ser requiridos ou designados para intervir como peritos en asuntos xudiciais.

s) Visar os traballos profesionais dos Colexiados de conformidade co que se dispoña, se for o caso, a lexislación correspondente.

t) Cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos Colexiados.

u) As demais que veñan establecidas pola lexislación estatal ou pola Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os acordos, decisións e recomendacións do Colexio de Graduados Sociais con transcendencia económica observarán os límites do artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, sen prexuízo de que os Colexios poidan

solicitar a autorización singular prevista no artigo 3 da dita lei.

Artigo 6º

1. O Colexio Oficial de Graduados Sociais terá o tratamento de ilustre, salvo que, por outras circunstancias, lle corresponda un distinto.

2. O presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais terá o tratamento de ilustrísimo/a señor/a, salvo que, por outras circunstancias, lle corresponda un distinto.

3. O presidente do Colexio de Graduados Sociais e os membros da xunta de goberno do Colexio de Graduados Sociais usarán toga, así como a medalla correspondente aos seus cargos, en audiencia pública e actos solemnes a que asistan no exercicio deles.

4. Nos restantes actos oficiais observaranse as normas de protocolo.

Artigo 7º

1. A insignia profesional dos graduados sociais Colexiados estará constituída pola balanza da xustiza, entre os prateiros da cal hai dúas espigas de trigo que enmarcan unha roda dentada, símbolo do traballo, no pé da cal se lerá «Iustitia Socialis», tendo como fondo uns raios dourados e fulgurantes. O deseño artístico será fixado polo Consello Xeral de entre os realizados por expertos.

Artigo 8º

1. Nos actos oficiais solemnes os membros da xunta de goberno de cada Colexio levarán unha medalla reproducindo a insignia profesional, na base da cal se lera o título do Colexio, suxeita con cordón de seda verde esmeralda. Esta medalla será de ouro ou dourada para o presidente e de prata ou prateada para os restantes compoñentes da xunta.

2. As citadas medallas, expresadas en miniatura de dous centímetros, poderán ser levadas sobre calquera traxe polos que teñan ou tivesen cargos na xunta de goberno do Colexio, así como polos Colexiados de honra.

TÍTULO II

Dos Colexiados

Capítulo I

Da incorporación

Artigo 9º

No Colexio de Graduados Sociais existirán catro clases de Colexiados:

a) Exercente da profesión con carácter libre.

b) Exercente da profesión ao servizo dunha soa empresa mediante relación laboral con ela, e sempre que tal contratación sexa precisamente na súa calidade de

graduado social e non inclúa o asesoramento a terceiros, a excepción do establecido no artigo 3 da Lei 11/2001, de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Non exercente.

d) Emérito. Inclúiranse nela os Colexiados xubilados e as persoas que, por razón a circunstancias excepcionais apreciadas pola Xunta de Goberno, merezan esta consideración.

Artigo 10º

A incorporación ao Colexio de Graduados Sociais require o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea

b) Ser estranxeiro legalmente residente en España (de conformidade co establecido nos acordos e tratados bilaterais que resulten de aplicación).

c) Estar en posesión do título de graduado social, graduado social diplomado ou diplomado en relacións laborais.

d) Ser maior de idade e non estar incurso en causa de incapacidade.

e) Satisfacer a cota de ingreso e demais contribucións que teña establecidas o Colexio por acordo da Xunta ou Asemblea Xeral.

f) Para os que prevexan o exercicio libre da profesión: acreditación de alta en licenza fiscal e imposto de actividades económicas.

Artigo 11º

1. Para o exercicio legal da profesión será requisito indispensable estar incorporado en calidade de Colexiado exercente e ter o domicilio profesional único ou principal do graduado no ámbito da provincia de Lugo, así como cumprir os requisitos legais e estatutarios exixidos para tal fin.

2. Ademais das condicións xerais expresadas no artigo anterior, a incorporación a este Colexio profesional requirirá non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición.

Artigo 12º

1. A Colexación solicitarase mediante instancia dirixida ao presidente do Colexio, xuntando a ela a documentación pertinente.

O secretario do Colexio examinará a instancia, así como os documentos unidos a ela, emitirá o correspondente informe e someterá a solicitude á decisión da Xunta de Goberno, que aceptará, denegará ou suspenderá a solicitude de incorporación, dentro do prazo de dous meses.

A resolución será notificada ao interesado por escrito, co visto e prace presidente do Colexio.

2. Os solicitantes non admitidos poderán interpoñer recurso ordinario contra o acordo denegatorio no prazo dun mes contado desde a notificación, ante o Consello de Colexios da Comunidade Autónoma a través da Xunta de Goberno, que emitirá informe sobre o recurso, ou, no seu defecto, ante o Consello Xeral.

Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que se dite resolución, entenderase desestimado.

3. Os solicitantes non admitidos poderán retirar a súa documentación, agás a instancia, que quedará arquivada na secretaría do colexio con expresión das causas da denegación.

Artigo 13º

1. Os novos colexiados quedarán inscritos no rexistro xeral do colexio por orde de admisión de instancia.

2. Ademais do citado rexistro xeral, a secretaría do colexio terá ao seu cargo un rexistro especial de colexiados en exercicio, indicando quen exerce a profesión libremente ou ao servizo de empresa ou corporación mediante relación especial, ou en réxime de asociacións.

3. A incorporación, xustificada mediante a certificación correspondente do colexio, acredita o graduado social como tal, sen que sexa necesaria ningunha designación ou nomeamento da Administración pública.

4. O secretario do colexio remitirá ao principio de cada ano unha relación de todos os graduados sociais exercentes incorporados a el, así como dos que cesasen no dito período, a todos os xulgados e tribunais do seu territorio, así como aos organismos da Administración que teñan directa relación coa profesión.

Artigo 14º

Os aspirantes admitidos satisfarán as cotas de incorporación, derramas e demais contribucións aprobadas polo colexio, e entregaráselles o carné de colexiado e a insignia profesional.

Artigo 15º

1. Os graduados sociais, antes de iniciar o seu exercicio profesional, deberán prestar xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, e de fiel cumprimento dos deberes da profesión de graduado social.

2. O xuramento ou promesa prestarase ante a xunta de goberno do Colexio de Graduados Sociais, na forma que a propia xunta dispoña, coa posibilidade de facelo por escrito de forma provisional.

3. No expediente persoal do colexiado deberá constar a prestación do xuramento ou promesa.

Artigo 16º

1. O graduado social incorporado ao Colexio de Graduados Sociais poderá prestar os seus servizos profesionais libremente en todos os asuntos que lle sexan encomendados dentro do territorio do Estado español, no ámbito da Unión Europea e nos demais países, consonte a normativa vixente en cada caso.

2. Para actuar profesionalmente no ámbito territorial dun colexio diferente daquel a que estivese

incorporado, o graduado social deberá comunicar, a través do colexio ao que pertenza, aos colexios distintos ao da súa inscrición as actuacións que vaia a realizar nas súas demarcacións, a fin de quedar suxeito ás competencias de ordenación, visado, control deontolóxico e potestade disciplinaria.

3. Cando o exercicio en territorio distinto ao de colexiación vaia ser habitual, bastará con comunicar esta circunstancia, a través do colexio de pertenza, ao colexio na demarcación do cal se vaia exercer, quedando o colexiado suxeito ás

competencias deste último en materia de ordenación, visado, control deontolóxico e potestade disciplinaria.

Capítulo II

Da perda da condición de colexiado

Artigo 17º

1. A condición de colexiado pérdese:

- a) Por defunción ou declaración de falecemento.
- b) Por baixa voluntaria, mediante comunicación dirixida ao presidente do colexio.
- c) Por reiterado incumprimento da obrigaón de satisfacer as cotas ordinarias e extraordinarias que fosen acordadas, así como as demais cargas colexiais a que estivese obrigado. Enténdese por reiterado incumprimento ou atraso de tres meses no pagamento de forma sucesiva ou alterna no período dun ano.
- d) Por condena firme que leve consigo a accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión de graduado social.
- e) Por sanción firme de expulsión do colexio, acordada en expediente disciplinario.

2. Corresponde á xunta de goberno do colexio acordar, en resolución motivada, a perda da condición de colexiado nos supostos das alíneas c), d) e e).

3. As baixas serán comunicadas ao Consello Xeral e ao Consello de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia, se for caso.

4. Anualmente, o secretario do colexio porá en coñecemento dos xulgados e tribunais, e dos organismos da Administración que teñan directa relación coa profesión, os colexiados que causasen baixa.

5. No suposto da alínea c) os colexiados poderán rehabilitar os seus dereitos aboando a débeda, os seus xuros legais e a cantidade que corresponda como nova incorporación.

Artigo 18º

O graduado social que cause baixa no colexio perderá todos os dereitos inherentes a tal condición, estando obrigado a devolver o carné de colexiado, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incurrir polo uso indebido del. En caso de incumprimento da referida obrigaón, o colexio anulará de oficio o carné de colexiado.

Capítulo III

Dereitos e deberes dos colexiados

Artigo 19º

Os graduados sociais colexiados gozarán dos dereitos, honras, preferencias e consideracións recoñecidas polas leis á profesión.

Artigo 20º

Os colexiados terán os seguintes dereitos:

- a) Permanecer no colexio, salvo que incorran en algunha das causas determinantes da perda da condición de colexiado recollidas nos estatutos.
- b) Ser defendidos polo colexio ante as autoridades, entidades e particulares no exercicio da profesión ou por motivo dela, logo do acordo na materia da xunta de goberno.
- c) Empregar cantos servizos estableza o colexio, entre eles, biblioteca, institucións

de previsión social e benéficas, publicacións e cantos outros se poidan crear, salvo aqueles que correspondan exclusivamente a colexiados exercentes.

d) Ser representados e apoiados pola xunta de goberno nas súas xustas reclamacións e nas negociacións por diferenzas que poidan xurdir como consecuencia do exercicio profesional.

e) Coñecer e estar informado da marcha do colexio.

f) Asistir a cantos actos de carácter corporativo celebre o colexio.

g) Usar o carné de colexiado e a insignia correspondente.

h) Ser elixidos para os cargos da xunta de goberno do colexio, do Consello da Comunidade Autónoma ou do Consello Xeral, sempre que se reúnan os requisitos establecidos.

i) Participar no labor cultural e formativo que realice o colexio.

j) Usar a denominación de técnico diplomado en relacións laborais e/ou asesor laboral e de seguridade social como expresión específica do contido da profesión; en calquera caso sempre se fará constar a condición graduado social.

k) Usar a toga regulamentaria en audiencia pública e actos solemnes xudiciais.

Artigo 21º

Os colexiados terán os seguintes deberes:

a) Exercer en todo momento a profesión co debido decoro e dignidade.

b) Cumprir fielmente estes estatutos, así como os propios de cada colexio, e as normas vixentes que sexan de aplicación á profesión de graduado social.

c) Actuar profesionalmente en toda ocasión baixo o seu nome e apelidos, prohibíndose expresamente actuar por medio doutra persoa natural ou xurídica, sen prexuízo do previsto no artigo 30º e seguintes destes estatutos.

d) Participar á secretaría do colexio, dentro do prazo de 30 días, os cambios de domicilio.

e) Satisfacer, dentro do prazo regulamentario, as cotas ao pagamento das cales estean obrigados pola súa condición de colexiado, así como as derramas e demais cargas sociais.

f) Asistir persoalmente, salvo imposibilidade xustificada, ás xuntas xerais que se celebren no colexio, e participar nas eleccións que regulamentariamente deban levarse a cabo.

g) Comparecer ante a xunta de goberno ou ante calquera das comisións existentes cando fosen requiridos para iso.

h) Comunicar ao colexio as suplencias nas funcións profesionais por motivo de enfermidade, ausencia, ou calquera outra causa.

i) Gardar a consideración e respecto debidos aos membros da xunta de goberno e das comisións do colexio, e cumprir os acordos adoptados por eles.

j) Desempeñar con celo e eficacia os cargos para os que fosen elixidos e participar nas comisións cando fosen requiridos para isto pola xunta de goberno.

k) Gardar o segredo profesional, entendendo este como a obrigaón e o dereito de non revelar ningún feito dos que teñan coñecemento por razón do exercicio profesional.

l) Absterse de realizar publicidade dos seus servizos sen a previa autorización do colexio.

m) Usar toga en audiencia pública e actos solemnes xudiciais.

n) Representar os litigantes que acrediten insuficiencia de recursos nos casos previstos pola lei e demais casos en que así se solicite ao colexio, conforme o previsto no artigo 5º deste estatuto.

Capítulo IV

Do exercicio da profesión de graduado social

Artigo 22º

O graduado social, para os efectos destes estatutos, é o técnico en materias sociais, laborais e fiscais que, en posesión do título oficial correspondente obtido ao finalizar os estudos universitarios da carreira de graduado social, graduado social giplomado ou diplomado en relacións laborais, se dedica de forma habitual e mediante retribución ao exercicio profesional no ámbito e co contido establecidos na normativa de legal aplicación.

Artigo 23º

Entenderase que existe exercicio profesional como graduado social cando concorran algunhas das circunstancias seguintes:

a) Aceptación, sinatura ou desempeño de actos propios da profesión.

b) Anuncio ou ofrecemento público de servizos profesionais, como informes, estudos, asesoramento, representación e xestións propias da actividade de graduado social.

c) Percepción de retribucións ou honorarios polos traballos enunciados na alínea anterior.

d) Calquera manifestación ou feito que permita atribuír o propósito de exercer a profesión de graduado social.

Artigo 24º

1. Cando un graduado social, ao encargarse da dirección de calquera asunto profesional, ou despois de iniciado este, tivese coñecemento de que antes fora encomendado a outro compañeiro, deberá gardar cara a este a oportuna consideración, informándollo da súa decisión e solicitándolle a venia por escrito ou por calquera outro medio que acredite a dita solicitude.

2. O graduado social a quen se solicite a venia só poderá denegala cando non recibise o importe dos seus honorarios. Entenderase tacitamente concedida se transcorren cinco días desde a solicitude sen recibirse por escrito a negativa á súa concesión.

3. Todas as cuestións que poidan suscitarse en aplicación do disposto neste artigo serán resoltas pola xunta de goberno do colexio.

Artigo 25º

1. Os colexiados en exercicio poderán establecer, ademais do despacho principal, outros despachos profesionais que deberán dirixir de maneira directa, asumindo todas as obrigas impostas nestes estatutos.

2. A apertura de tales despachos profesionais deberá poñerse en coñecemento das xuntas de goberno dos colexios correspondentes ao ámbito territorial da actuación

profesional, tanto do despacho principal como das sucursais, con anterioridade ao inicio da actividade.

3. O establecemento dun novo despacho profesional deberá axustarse ás normas propias da profesión e ao previsto nas leis de defensa da competencia e xeral de publicidade.

Artigo 26º

1. No exercicio da súa profesión a publicidade dos graduados sociais colexiados rexerese polo disposto na Lei xeral de publicidade coas seguintes particularidades:

a) Os contidos da dita publicidade poderán referirse a datos profesionais, identificación e especialidade, pero non estarán permitidas as frases, expresións ou eslógan sen contido informativo e destinados unicamente a enxalzar a calidade ou cantidade dos servizos prestados polos profesionais.

b) A publicidade non poderá ter en ningún caso carácter comparativo.

2. Os graduados sociais colexiados deberán poñer en coñecemento do colexio, cun mes de antelación á súa difusión, a publicidade que pretendan facer. No caso de que a publicidade se estenda a un ámbito territorial maior que o provincial a comunicación deberá realizarse, en función deste, ao Consello de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se for o caso, ao Consello Xeral de Colexios de Graduados Sociais de España.

3. A publicidade deberá ser autorizada pola xunta de goberno. Transcorrido un mes desde a solicitude sen que recaese resolución expresa, entenderase estimada.

Capítulo V

Dos despachos colectivos

Artigo 27º

1. O graduado social poderá exercer a súa profesión conxuntamente con outros graduados sociais o con outras persoas de actividade profesional distinta baixo a forma de despachos colectivos.

2. A agrupación rexerese polos pactos que adopten libremente os asociados, sempre que non estean en contradicción coas leis, a dignidade profesional e as normas reguladoras da profesión.

3. Os despachos profesionais poden adoptar calquera das formas lícitas en dereito, incluídas as sociedades mercantís.

Artigo 28º

1. Os despachos colectivos de graduados sociais remitirán copia dos pactos reguladores da súa organización e funcionamento á xunta de goberno do colexio, inscribíndose no Rexistro Especial de Asociacións do Colexio, no cal figurarán os nomes e circunstancias dos graduados sociais que os integren. Así mesmo, deberá aportarse copia autorizada da escritura pública ou documento acreditativo da constitución da asociación.

2. O despacho colectivo comunicará á Xunta de Goberno, para a súa inscrición no rexistro especial, os cambios que se produzan nos pactos reguladores da súa organización e nos nomes e circunstancias dos graduados sociais que o integran.

Artigo 29º

1. Todos os graduados sociais integrados nun despacho colectivo deberán estar incorporados individualmente ao colexio correspondente como exercentes.

2. Anualmente, e coincidindo coa presentación de contas anuais no Rexistro Mercantil, entregarase no colexio unha certificación do rexistro de socios ao igual que, no prazo dun mes, cada vez que se produzan cambios.

Artigo 30º

1. Os graduados sociais que formen parte dun despacho colectivo responderán conxunta e solidariamente ante o colexio de todas as actuacións e recla

macións que proveñan do exercicio de actividades propias do graduado social, realizadas polo despacho ou os seus compoñentes, sen prexuízo de calquera outra responsabilidade de orde diversa que afecte individual ou conxuntamente aos membros del.

2. A actuación profesional nos asuntos da competencia do graduado social deberá realizarse en nome de calquera dos colexiados que integran a asociación.

Artigo 31º

1. Non terá a consideración de despacho colectivo a agrupación de graduados sociais nun mesmo local con total independencia profesional.

2. Presumirase a existencia dun despacho colectivo para os efectos da solidariedade prevista no artigo anterior cando así se deduza dos signos externos.

TÍTULO III

Dos órganos de goberno do colexio

Capítulo I

Da xunta de goberno

Artigo 32º

1. O goberno dos colexios corresponde a:

- a) A xunta xeral de colexiados.
- b) A xunta de goberno.
- c) O presidente.

Artigo 33º

1. O Colexio de Graduados Sociais rexerese por unha xunta de goberno, que será o órgano de execución e xestión dos acordos da xunta xeral, exercerá con carácter permanente a administración do colexio e terá en todo momento a plena representación da corporación.

2. Ademais das normas de legal aplicación, serán atribucións da xunta de goberno:

A) En xeral:

1ª Someter a votación nas xuntas xerais asuntos concretos de interese colexial, na forma que estableza a propia xunta de goberno.

2ª Resolver sobre a admisión de titulados que soliciten incorporarse ao colexio.

3ª Velar para que os colexiados observen boa conduta nas súas relacións cos órganos xurisdicionais, cos seus compañeiros e cos seus clientes, así como que no desempeño da súa función profesional despreguen a necesaria dilixencia e competencia.

4ª Impedir o exercicio da profesión a quen, sendo colexiados ou non, a exercesen en forma e baixo condicións contrarias á legalidade vixente.

5ª Impedir o intrusismo e perseguir os infractores do regulado no número anterior, así como as persoas, naturais ou xurídicas que faciliten o dito irregular exercicio profesional, exercendo fronte a estas cantas accións xurisdicionais fosen necesarias ou axeitadas.

6ª Proponer á xunta xeral a adopción dos acordos que estime procedentes, en canto á cantidade que deba satisfacer cada colexiado por dereitos de incorporación.

7ª Proponer á xunta xeral a determinación das cotas que deben pagar os colexiados exercentes, os exercentes de empresa e os non exercentes, para sostemento das cargas e servizos colexiais.

8ª Acordar, se o estima necesario, a imposición de cotas extraordinarias para os seus colexiados, con aprobación da xunta xeral.

9ª Recadar o importe das cotas establecidas para o sostemento das cargas do colexio, do Consello de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso, e do Consello Xeral.

10ª Establecer baremos de honorarios, que terán carácter meramente orientativo, dos graduados sociais e regularlos nos casos previstos por estes estatutos, e informar cando os órganos xurisdiccionais pidan o seu ditame con suxeición ao disposto nas leis.

11ª Convocar eleccións para prover os cargos da xunta de goberno.

12ª Convocar xuntas ordinarias e extraordinarias, sinalando a orde do día para cada unha.

13ª Exercer as facultades disciplinarias respecto dos colexiados, de acordo co previsto nestes estatutos.

14ª Proponer á xunta xeral a aprobación dos regulamentos de orde interior que xulgue axeitados.

15ª Nomear as comisións ou seccións de colexiados que fosen necesarios para o estudo das materias que poidan interesar aos fins da corporación e á defensa e promoción do colectivo profesional.

16ª Velar para que no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e prestixio que corresponden ao graduado social, provendo o necesario ao amparo daquelas.

17ª Informar os colexiados con prontitude de cantas cuestións coñeza e poidan afectarlles, xa sexa de índole corporativa, colexial, profesional ou cultural.

B) Con relación aos órganos xurisdiccionais:

1ª Fomentar e estreitar as relacións de respectuosa cordialidade entre o colexio e os seus colexiados coa maxistratura e os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en xeral, e cos xulgados do social e os seus funcionarios en particular.

2ª Regular as condicións e funcionamento da quenda de oficio.

3ª Velar para que no exercicio da función representativa que exerzan os colexiados de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial, cumplan estes coas obrigacións inherentes á súa función, de acordo co disposto no ordenamento xurídico profesional de aplicación.

4ª Velar para que, nos mesmos casos, os graduados sociais cumplan as obrigacións a que se refire o artigo 187 da Lei orgánica do poder xudicial e, en audiencia pública, reunións dos órganos xurisdiccionais en que proceda e actos solemnes xudiciais, usen toga e, en estrados, se senten á mesma altura que as autoridades, funcionarios e profesionais mencionados no dito precepto.

5ª Perseguir, nos mesmos casos, os comportamentos contrarios ao deber de gardar segredo dos asuntos que os Colexiados coñezan por razón da súa actuación profesional e impoñer as sancións disciplinarias pertinentes.

6ª Amparar aos Colexiados que, nos mesmos supostos, vexan vulnerado o seu dereito a non ser obrigados a declarar sobre os feitos ou noticias que coñezan por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional.

C) Con relación aos organismos oficiais:

1ª Defender, cando o considere procedente e xusto, os Colexiados no desempeño das funcións da profesión ou con ocasión delas.

2ª Promover xunto do Goberno, das autoridades e de cantos organismos oficiais con que teña relación a actividade de graduado social canto se considere beneficioso para o interese común e para a recta e pronta Administración de xustiza.

3ª Informar de palabra ou por escrito, en nome do Colexio, en cantos proxectos ou iniciativas o requiran.

D) Con relación aos recursos económicos do Colexio:

1ª Recadar, distribuír e administrar os fondos do Colexio.

2ª Redactar os orzamentos e render as contas anuais.

3ª Propoñer á Xunta Xeral o investimento ou disposición do patrimonio Colexial, se se tratase de inmobles.

3. Corresponde igualmente á Xunta de Goberno solicitar, se é o caso, e para os efectos do número 2 do artigo 6º destes estatutos, a autorización singular prevista no artigo 3 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 34º

A Xunta de Goberno estará constituída polo presidente (cargo que deberá recaer necesariamente nun Colexiado en exercicio e que deberá continuar séndoo durante todo o seu mandato) e un total de vogais equivalente a un por cada vinte Colexiados, sen que o seu número poida ser inferior a cinco nin superior a doce, dos cales polo menos dous deberán representar o colectivo de non exercentes.

Artigo 35º

1. A Xunta Xeral elixirá o cargo de presidente mediante votación directa e exclusiva.

2. Na reunión constitutiva, a nova Xunta de Goberno designará o vicepresidente e, se é o caso, vicepresidentes, ou secretario e o tesoureiro, podéndose, igualmente, designar un interventor-contador coas competencias a que se fai referencia no artigo 51º destes estatutos, entre os vogais que a compoñen.

3. Os cargos da Xunta de Goberno terán unha duración de catro anos, renovándose por metade cada dous, podendo ser reelixidos sen limitación.

4. As decisións da Xunta de Goberno requirirán, para teren validez, o acordo maioritario dos integrantes presentes, requiríndose, en todo caso, a maioría a que fai referencia o artigo 53º destes estatutos, decidindo o presidente con voto de calidade nos casos de empate.

Artigo 36º

1. O exercicio dos cargos de presidente e vogal da Xunta de Goberno terá o carácter de obrigatorio, honorífico e gratuíto.

2. Poderán ser candidatos todos os colexiados pertencentes ao ámbito territorial do colexio que se encontren de alta e ao día do pagamento das súas cotas colexiais, cun mínimo de dous anos de colexiación ininterrompida, no período inmediatamente anterior á convocatoria electoral, na modalidade para que opta, e que, tendo a condición de electores, non estean incapacitados nin incursos en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria.

3. Non poderán formar parte das xuntas de goberno quen non se encontre no pleno goce dos seus dereitos civís e corporativos.

Artigo 37º

1. Se por calquera motivo quedara vacante algún ou algúns dos cargos da xunta de goberno antes da expiración do mandato regulamentario, ocuparao quen o seguise en número de votos na última elección realizada no colexio e polo tempo que lle faltase por cumprir ao membro que cause a vacante.

2. Exceptúase ao presidente, que se substitúe regulamentariamente polo vicepresidente que corresponda ata a primeira xunta xeral ordinaria que se celebre ou a extraordinaria que poida convocarse para a súa elección.

3. Tamén se procederá á elección parcial de vogais, cando non sexa posible cubrir as vacantes polo sistema previsto no número 1.

4. Cando non fose posible cubrir máis da metade das vacantes, o Consello de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia ou, no seu defecto, o Consello Xeral, designará unha xunta provisional entre o primeiro terzo dos colexiados máis antigos, a cal convocará eleccións no prazo de trinta días.

Capítulo II

Da elección da xunta de goberno

Artigo 38º

1. Todos os membros da xunta de goberno serán elixidos por votación axustada ao principio de libre e igual participación dos colexiados. O voto de cada colexiado exercente e de empresa terá dobre valor, mentres que o dos non exercentes e eméritos terá valor simple.

2. Figurarán como electores todos os inscritos no censo, que se encontren no exercicio dos seus dereitos e ao día dos seus deberes colexiais. O censo será formado pola xunta de goberno ou, se é o caso, pola xunta provisional, constarán nel todos os colexiados incorporados ao colexio cun mes de antelación á data de convocatoria das eleccións e incluírá todos os datos que fagan posible a elección. A propia xunta de goberno ou, se é o caso, a xunta provisional, resolverá, ata o momento mesmo de iniciarse a xunta xeral, as reclamacións que se poidan suscitar ata corenta e oito horas antes da celebración.

3. Poderán ser candidatos os colexiados que, gozando da condición de electores, non estean incursos en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria, contendo polo menos coa antigüidade no colexio que exixen estes estatutos e sexan proclamados de acordo coas normas e condicións estatutarias.

4. Tamén poderán ser candidatos os colexiados que, procedentes doutro colexio e gozando da condición de electores, non estean incursos en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria no colexio de procedencia, o cal procederá a certificar a alta colexial e a trasladar o expediente. Estes colexiados conservarán a antigüidade e modalidade colexial do colexio de procedencia.

Artigo 39º

1. A votación para a elección dos membros da xunta de goberno exercerase persoalmente en forma segreta ao celebrarse a xunta xeral ordinaria de cada exercicio ou na extraordinaria que para estes efectos deberá convocarse nos casos de vacante do presidente ou da maioría dos vogais. A xunta de goberno poderá tamén convocar xunta extraordinaria co único obxecto de celebrar separadamente a elección.
2. As votacións para esta elección de cargos vacantes da xunta de goberno serán sempre por papeleta editada polo colexio e non sendo válidas as designacións feitas por aclamación.
3. As papeletas serán azuis (voto dobre) para colexiados exercentes e de empresa, e brancos (voto simple) para os colexiados non exercentes e eméritos.
4. O voto poderá emitirse por correo certificado. Para exercer o voto por correo será imprescindible que o colexiado solicite previamente o impreso que lle recoñeza o carácter de votante por correo. A solicitude deberá facerse persoalmente, mediante escrito dirixido por correo á xunta de goberno ou por medio de fax confirmado pola secretaría do colexio, coa sinatura en todo caso do interesado e a acreditación da súa identidade mediante achega inescusable de fotocopia ou reprodución do DNI.
5. A secretaría do colexio dará trámite inmediato á solicitude de voto por correo.
6. A secretaría do colexio confeccionará os impresos que autoricen a emisión do voto por correo, que terán a mesma redacción, unha numeración correlativa que permita remitilos pola orde de petición, e autorizará os impresos coa súa sinatura.
7. O impreso que autoriza o voto por correo será enviado ao solicitante, acompañado dun sobre numerado en que inescusablemente terá que remitir o voto por correo, así como a papeleta de votación editada polo colexio e o sobre que terá que conter o voto.
8. Dentro do sobre numerado, que deberá ser remitido ao colexio por correo certificado, o votante introducirá o impreso a que se refiren os números anteriores, xuntamente co sobre no cal, para garantir o segredo do voto, deberá ir introducida a papeleta.

Artigo 40º

1. A convocatoria das eleccións será feita polo vicepresidente en caso de elección unicamente do presidente e, nos demais casos, pola xunta de goberno ou, se é o caso, pola xunta provisional, cunha antelación ao menos de sesenta días naturais, e tendo que enviar, con ela, o calendario electoral no cal se cumprirá o estipulado nestes estatutos.
2. As candidaturas terán que presentarse en horas de oficina na secretaría do colexio e con trinta días naturais de antelación, como mínimo, á celebración das eleccións. Poderán ser conxuntas ou individuais e terán que ser subscribas só polos candidatos. Deberán incluír na solicitude a clase de colexiación, encontrarse ao día de pagamento das súas cotas colexiais, encontrarse en pleno uso dos seus dereitos colexiais, e conterá o previo compromiso de prestar xuramento ou promesa segundo o establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, así como obediencia ao ordenamento xurídico profesional contido nestes estatutos.

3. A proclamación de candidatos será feita pola xunta de goberno, ou, se é o caso, pola xunta provisional, dentro dos cinco días hábiles, como mínimo, ao seguinte da finalización do prazo para presentar as candidaturas. Seguidamente poñerá no taboleiro de anuncios e comunicará aos interesados; sen prexuízo de que o colexio poida remitir tamén comunicacións individuais aos seus membros. As impugnacións que se produzan serán resoltas pola mesma xunta de goberno antes da celebración da votación.

Artigo 41º

1. A mesa electoral estará integrada por tres membros designados pola propia xunta de goberno, excluídos os que sexan candidatos e os asociados ou parentes ata terceiro grao inclusive por consanguinidade ou afinidade dos candidatos.

Serán presidente e secretario da mesa, os que o sexan da xunta de goberno, ou quen se designe substituílos pola xunta de goberno.

A mesa electoral tomará os seus acordos por maioría de votos dos seus compoñentes.

2. Cando o número de candidatos proclamados resulte igual ou inferior ao dos vogais da xunta a elixir, a proclamación equivalerá á elección, e esta, por tanto, non terá que efectuarse. Produciranse as mesmas consecuencias cando se trate da elección só de presidente e se proclame un único candidato.

3. Os candidatos proclamados poderán efectuar, á súa custa, as actividades de campaña electoral axustadas ao ordenamento xurídico. Non poderán empregarse para tal efecto locais nin outros medios materiais ou persoais do colexio, agás o dereito a que se lles facilite unha copia do censo electoral, así como os sobres e papeletas para a elección e, se for o caso, xogos de etiquetas cos enderezos de todos os colexiados.

4. Cada candidatura conxunta ou cada candidato individual poderá designar outro colexiado que actúe como interventor na mesa electoral, e iso deberá comunicalo por escrito á xunta de goberno, ao menos, con cinco días de antelación ao da votación. A xunta de goberno facilitará ao designado un documento acreditativo.

Artigo 42º

1. A votación levarase a cabo coincidindo co inicio da xunta xeral e finalizará transcorridas tres horas do seu inicio.

2. A votación celebrarase en dúas urnas separadas, unha para colexiados exercentes e de empresa, e outra para non exercentes e eméritos. Os electores entregarán persoalmente a quen presida a mesa as súas papeletas de voto, introducidas en sobre oficial, e este introducirá na urna correspondente, anotándose na lista do censo. Votarán en último lugar os interventores, se os houber, e os membros da mesa. Por fin, introduciranse nas urnas os votos recibidos por correo que cumpran os requisitos estatutarios.

3. Para os efectos de votación sinalarase cun X os candidatos que se desexen votar, fixándose como tope de votación por colexiado o número de vacantes motivo das eleccións.

4. Serán válidas unicamente as papeletas e sobres oficiais entregados polo colexio aos candidatos e electores, quen terán unhas e outros á súa disposición, na sede colexial, antes e durante a votación.

5. O escrutinio, realizado pola mesa electoral, será público, autorizando o secretario

a correspondente acta, que subscribirán os interventores e os demais membros da mesa. Inclúiranse as reclamacións a que houber lugar, que serán imprescindibles para posteriores recursos. Só se conservarán aquelas papeletas que fosen obxecto de impugnación.

6. En caso que se produza empate en número de votos, será elixido o candidato de maior antigüidade no colexio e, de ser igual, o de maior idade.

7. Contra os acordos das xunta de goberno e mesa electoral relativos ás eleccións, poderán interpoñerse os recursos, que non terán efectos suspensivos, establecidos con carácter xeral nestes estatutos.

Artigo 43º

1. No prazo de cinco días desde a constitución da xunta de goberno, comunicárase esta ao Consello Xeral e, se é o caso, ao Consello de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, e a través destes, ao ministerio e á consellería autonómica correspondentes, participando a súa composición e o cumprimento dos requisitos legais. De igual forma se procederá cando se produzan modificacións.

2. Os elixidos como presidente e demais membros da xunta de goberno, antes de tomaren posesión dos seus cargos, deberán proceder a prestar o xuramento ou promesa establecidos no real Decreto 707/1979, do 5 de abril, momento en que cesarán nos seus cargos os membros saíntes

3. O presidente tomará posesión no acto de ser elixido, e os demais membros na primeira xunta de goberno.

Capítulo III

Dos cargos e do funcionamento da xunta de goberno

Artigo 44º

1. O presidente exercerá a representación oficial e legal do colexio, tanto en xuízo como fóra del e nas relacións cos poderes públicos e autoridades; será o executor dos acordos do colexio; convocará e presidirá as sesións das xuntas xerais e das xuntas de goberno, así como das comisións de traballo a que asista; coordinará o labor dos distintos órganos colexiais, presidindo todos eles cando asista, e resolverá os empates co seu voto de calidade se aqueles subsistiren durante dúas votacións sucesivas.

2. O presidente do colexio asumirá igualmente por delegación todas as funcións de trámite e xestión do colexio nos casos de urxencia que así o requiran, podendo adoptar, nestes ámbitos, as resolucións e medidas pertinentes baixo a súa responsabilidade, dando conta diso á xunta de goberno.

3. O presidente do colexio será o ordenador dos cobramentos e dos pagamentos, asinando a documentación colexial e autorizando co seu visto e praxe as certificacións expedidas polo secretario e as actas da xunta xeral e da de goberno. A ordenación de cobramentos e pagamentos poderá delegala con carácter xeral no tesoureiro; neste caso o presidente autorizaraas co seu visto e praxe.

4. Incumbe ao presidente do colexio, en particular, fomentar e manter entre todos os colexiados relacións de compañeirismo e a tutela dos dereitos da profesión, do colexio e dos seus integrantes, ademais

de cantas atribucións determinen os estatutos de cada colexio.

Artigo 45º

1. O vicepresidente e, se é o caso, os vicepresidentes pola súa orde, substituirán o presidente cando este non puidese exercer as súas funcións e en todas aquelas comisións que lles encomende o presidente, con carácter permanente ou ocasional, sendo necesario informe ao mesmo do desenvolvemento dos seus cometidos.

2. Nos casos xustificadas, o vicepresidente ou vicepresidentes tamén poderán representar ao colexio para todos os efectos legais, e en caso de imposibilidade do presidente asistirán en lugar del ás reunións do Consello Xeral con todos os seus dereitos e obrigacións.

Artigo 46º

1. Corresponde ao secretario redactar as actas, correspondencia e comunicacións oficiais, dirixir os traballos administrativos do colexio e levar o arquivo e custodia da súa documentación.

2. O secretario terá tamén ao seu cargo a expedición de certificacións, co visto e prace do presidente, legalización de sinatura de colexiados e redacción da memoria anual do colexio.

3. O control directo e inmediato de todos os servizos colexiais e das persoas afectas ao cadro de persoal deles corresponderá ao secretario.

4. A xunta de goberno poderá contratar un director técnico, profesional na materia e non colexiado. A propia xunta de goberno poderá establecer que a dirección técnica a poida ocupar un graduado social colexiado. En todo caso o nomeamento e remoción corresponderá á xunta de goberno, tendo o director técnico as atribucións propias de toda dirección técnica e, por expresa delegación para casos concretos, as facultades executivas estatutarias que acorde o presidente ou o secretario.

Artigo 47º

1. O tesoureiro materializará a recadación e custodia dos fondos do colexio; daralles o investimento que corresponda segundo os acordos da xunta de goberno; levará inventario dos bens do colexio, dos cales será administrador; e ingresará e retirará fondos das contas bancarias, conxuntamente co presidente.

Artigo 48º

1. Ao interventor-contador correspóndelle a intervención de todos os documentos contables, así como a redacción para a súa aprobación pola xunta xeral de todos os balances, contas e orzamentos, e o control deles. O cargo deberá recaer en colexiado exercente.

2. O tesoureiro e o interventor-contador, se o houber, substitúense reciprocamente en caso de vacante ou ausencia por calquera causa.

Artigo 49º

1. Os vicepresidentes segundo ou sucesivos substituirán, respectivamente, o vicepresidente ou vicepresidentes, pola súa orde.

Artigo 50º

1. A xunta de goberno reunirase, ao menos, unha vez ao mes, salvo os meses de xullo e agosto, e cando así o soliciten a cuarta parte dos seus compoñentes.

2. A convocatoria acordaraa o presidente e incluirá a orde do día, sen prexuízo de tratarse aqueles asuntos que aquel declare urxentes.

3. As xuntas de goberno quedarán validamente constituídas se concorren a maioría dos seus compoñentes.

4. A asistencia ás sesións da xunta de goberno será obrigatoria para todos os seus membros. Será causa de cesamento e conseguinte substitución regulamentaria, acordados pola propia xunta, a falla de asistencia inxustificada a tres sesións consecutivas ou cinco alternas no prazo dun ano.

Artigo 51º

A xunta de goberno nomeará, de entre os seus membros, os compoñentes das comisións seguintes:

1. Comisión de Cultura, que terá por misión:

a) A organización de cursos, cursiños, conferencias e coloquios que se crean útiles para a formación e perfeccionamento dos colexiados.

b) A organización, actualización e posta ao día da biblioteca do colexio, que comprenderá, principalmente, obras e revistas de carácter profesional.

c) O servizo de información científica e técnica para os colexiados.

d) A edición da revista ou boletín que publique o colexio para a información dos seus membros e dos organismos e entidades relacionadas co seu cometido.

e) A organización e desenvolvemento, con carácter permanente, de seminarios ou equipos de traballo dedicados a afondar nas materias sociais e laborais.

2. Comisión de Relacións Públicas: terá o cometido de propoñer e informar a xunta de goberno sobre asuntos de interese para a corporación, asistencia a actos en que debe estar representado o colexio; a planificación e desenvolvemento de actos públicos; contactos cos medios de comunicación social e organización de campañas de prensa, así como participación dos colexiados en congresos e asembleas sobre problemas sociais e laborais.

3. Comisión de Ética e Honorarios Profesionais: que deberá informar a xunta sobre as actividades dos colexiados que non se axusten á ética e á honra profesional, así como sobre a procedencia de actualización de honorarios mínimos profesionais, e dunha maneira especial, emitir o seu parecer sobre as recla

macións contra minutas de graduados sociais por non encontralas correctas.

4. Comisión de Intrusismo: que velará porque persoas ou entidades alleas á profesión de graduado social, non invadan a súa esfera de acción contravindo os preceptos vixentes sobre a materia, efectuando propostas, á xunta de goberno, dos correspondentes expedientes administrativos ou accións ante a xurisdición que proceda, unha vez practicada sucinta información das denuncias e documentos que se lles participen.

5. Ademais das comisións que establecen os estatutos, a xunta de goberno poderá crear todas aquelas que coide oportunas, xa sexa con carácter permanente ou transitorio, determinando as súas respectivas misións e cometidos e o réxime do seu funcionamento.

6. Todas as comisións e relatorios serán presididas polo presidente do colexio, se asistise, ou polo membro da xunta de goberno que designase aquel. Os seus acordos terán o carácter de propostas, que deberán ser elevadas á xunta de goberno para a súa aprobación o desestimación.

Artigo 52º

1. Mediante acordo maioritario da xunta de goberno poderase acordar a designación de delegados naquelas localidades da provincia en que se coide

axeitado, podendo ser suprimidas polo mesmo procedemento.

2. Os delegados serán propostos á xunta de goberno por votación levada a cabo polos colexiados radicados na demarcación de que se trate, debendo recaer o nomeamento de graduado social en exercicio.

3. O nomeamento terá unha duración de catro anos, prorrogables sen límite de mandatos.

4. Corresponde aos delegados a legal representación do colexio no ámbito da súa demarcación territorial e sempre que non estea representada a xunta de goberno ou o seu presidente; serán da súa competencia todas aquelas funcións que lle sexan asignadas pola xunta de goberno, entre as que se inclúen a asistencia a todos os actos de carácter oficial e corporativo en que deba estar representado o colexio, informando a xunta de goberno. Así mesmo, serán encargados de transmitir á xunta de goberno as necesidades, aspiracións e problemas profesionais e corporativos dos colexiados da súa demarcación, actuando en representación deles.

Capítulo IV

Das xuntas xerais

Artigo 53º

As xuntas xerais do colexio, que poden ser ordinarias ou extraordinarias, son o órgano supremo de decisión colexial. Intégranas a totalidade dos graduados sociais adscritos ao colexio que se encontren no pleno uso dos seus dereitos.

Artigo 54º

1. A xunta xeral ordinaria celebrarase dentro do primeiro trimestre de cada ano, para tratar os asuntos seguintes:

1º Lectura e aprobación, se é o caso, da acta da xunta anterior.

2º Exame e aprobación, se é o caso, da memoria anual.

3º Exame e votación do balance e contas anuais de ingresos e gastos e do orzamento para o exercicio.

4º Exposición polo presidente da actuación e desenvolvemento do colexio durante o ano anterior, e do estado en que se encontran as xestións realizadas en defensa dos intereses dos colexiados.

5º Proposicións da xunta de goberno.

6º Proposicións, rogos e preguntas dos colexiados.

7º Elección de cargos vacantes, cando procedese e salvo que a xunta de goberno acordase convocar para iso xunta extraordinaria co único obxecto de celebrala separadamente.

2. O Consello Xeral ou, se é o caso, o Consello de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, poderá autorizar que a celebración da xunta xeral ordinaria teña lugar durante o segundo trimestre do ano, se concorre causa bastante para iso e a petición da xunta de goberno respectiva.

Artigo 55º

1. As proposicións dos colexiados ante a xunta xeral ordinaria deberán ser entregadas á xunta de goberno, para que esta as examine e forme criterio sobre elas, cunha antelación mínima de cinco días hábiles respecto da data en que debe celebrarse a reunión, e deberán levar como mínimo a sinatura de dez colexiados, dos cales sete como mínimo serán exercentes. A xunta xeral acordará, despois da

súa lectura, se procede ou non discutir as proposicións así formuladas.

2. Dos requisitos anteriores exceptúanse as proposicións incidentais e de orde que se presenten durante a celebración da xunta por un ou varios asistentes, sobre a procedencia da cal resolverá o que presida.

Artigo 56º

1. As convocatorias ás xuntas xerais ordinarias ou extraordinarias faranse sempre por escrito e enviarase a cada un dos colexiados polos medios que habitualmente se empreguen no colexio.

2. A convocatoria deberá cursarse polo menos con oito días hábiles de antelación á celebración dela. En caso de urxencia, a xuízo da xunta de goberno ou do presidente, poderá reducirse este prazo a cinco días hábiles.

Artigo 57º

1. As xuntas xerais extraordinarias convocaranse a iniciativa da xunta de goberno ou ben a solicitude por escrito dunha terceira parte dos colexiados (dos cales, polo menos o dez por cento deberán ser colexiados exercentes), na cal expresarán as causas que xustifiquen a petición, dirixida á xunta de goberno e puntualizando os asuntos concretos que deban estudarse, con excepción de calquera outro.

2. A xunta de goberno só poderá denegar a convocatoria cando a petición que cumpra os requisitos expresados sexa contraria á lei ou allea aos fins colexiais. Noutro caso, iniciará os debates o primeiro asinante da petición.

3. A xunta xeral extraordinaria deberá celebrarse no prazo de trinta días naturais, computados desde o acordo da xunta de goberno ou desde a presentación da solicitude.

Artigo 58º

1. As xuntas xerais ordinarias e extraordinarias celebraranse sempre no día e hora sinalados, ben sexa en primeira convocatoria, de asistir como mínimo a metade máis un dos colexiados, ou en segunda, trinta minutos despois, calquera que sexa o número dos asistentes.

2. O presidente dirixirá os debates, poderá conceder ou suspender o uso da palabra, e chamará á orde aos colexiados que se excedesen na extensión ou alcance das súas discusións, non cinxíndose á materia discutida o falasen ao respecto á súa autoridade, a algún compañeiro, á xunta ou á asemblea, podendo expulsar do local a quen, chamado á orde dúas veces, o desobedece.

3. Como regra xeral, nos temas que sexan obxecto de debate só se permitirán, como máximo, dúas quendas a favor e dúas en contra, salvo nos asuntos de excepcional interese a criterio do presidente.

4. As xuntas xerais non se darán por terminadas mentres non se teña discutido e recaído acordo sobre todos os puntos da orde do día. Sen embargo, salvo os casos de elección para cargos da xunta de goberno, poderán ser suspendidas por quen as presida cando as sesións se prolonguen máis de catro horas, continuando o mesmo día ou o seguinte hábil.

Artigo 59º

1. As votacións realizadas nas xuntas xerais serán de tres clases: ordinaria, nominal e por papeleta. Entenderase que existe unanimidade nunha votación, cando ao preguntar o presidente se se aproba o asunto sometido a debate, ningún colexiado manifieste o contrario. En todo caso, o presidente poderá propoñer que se

celebre votación.

2. A votación ordinaria verificarase levantándose primeiro os que aproben a cuestión que se debate, e despois, os que a desaprobem, e efectuarase sempre que a pida un colexiado.

3. A votación nominal realizarase dicindo cada colexiado asistente os seus dous apelidos, seguido

da palabra «si» ou «non», e terá lugar cando llo soliciten cinco colexiados como mínimo.

4. A votación por papeleta deberá celebrarse cando afecte cuestións persoais dun ou máis colexiados, cando a pida a terceira parte dos asistentes á xunta ou a propoña o presidente. As votacións para o nomeamento de cargos vacantes da xunta de goberno, serán sempre por papeletas, non sendo válidas as designacións feitas por aclamación.

5. En toda votación, o sufraxio de cada colexiado en exercicio ou exercente de empresa terá o valor de dobre, mentres que o do non exercente será considerado simple.

Artigo 60º

Sen prexuízo do establecido nestes estatutos para a elección de cargos vacantes da xunta de goberno, o secretario da corporación será o encargado de escutar os votos emitidos nas xuntas xerais nos demais casos, podendo auxiliálo dous asistentes á reunión designados pola propia xunta xeral para intervir na dita función.

Artigo 61º

1. Os colexiados poden exercer o dereito de censurar o presidente ou algún dos membros da xunta de goberno ou a esta en pleno.

2. A petición de moción de censura deberá vir subscribida por unha terceira parte dos compoñentes do colexio e só poderá adoptarse en xunta xeral extraordinaria convocada expresamente con este só obxecto.

3. Para que se celebre a xunta xeral será preciso que asistan a ela a maioría absoluta dos colexiados. A mesma maioría absoluta deberá votar favorablemente á censura para que esta prospere.

4. Cando prosperase a moción de censura, procederase a prover os cargos vacantes de acordo co previsto para tal suposto nestes estatutos, dando coñecemento de todo isto ao Consello Xeral e ó Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, se é o caso.

TÍTULO IV

Do réxime económico do colexio

Artigo 62º

1. O sostemento económico do colexio corresponderá aos colexiados, mediante o pagamento das cotas de entrada e mensuais que serán fixadas pola respectiva xunta xeral, por proposta da de goberno.

2. Ademais, formarán parte dos seus ingresos:

a) As subvencións, donativos e bens que reciban por calquera título.

b) Os importes das prestacións de servizos aos colexiados.

c) Cantos outros recursos directos ou indirectos poidan dispoñer ou crear previo

acordo da xunta xeral, incluídas derramas extraordinarias.

Artigo 63º

1. Os fondos e patrimonio dos colexios investiranse exclusivamente nas atencións inherentes á súa existencia e competencias corporativas.

2. A xunta de goberno en pleno, salvo aqueles vogais que salven expresamente o seu voto, serán responsables dos investimentos e do uso dos fondos e do patrimonio, así como dos prexuízos que a estes poidan sobrevir por incumprimento das disposicións legais, regulamentarias e estatutarias e dos acordos da xunta xeral, consello autonómico e do consello xeral.

3. En caso de disolución dun colexio logo de cumprir todas as obrigacións pendentes, o sobrance, se o houbese, quedará á disposición do Consello Xeral ou do autonómico competente.

4. A renovación (total ou parcial) dos órganos executivos do colexio implicará a realización dunha auditoría interna por parte dunha comisión integrada por tres graduados sociais elixidos mediante sorteo entre os colexiados con máis de cinco anos de antigüidade, dos cales, polo menos dous deles deberán ser exercentes.

TÍTULO V

Do réxime de responsabilidade dos colexiados

Capítulo I

Da responsabilidade penal

Artigo 64º

Os graduados sociais están suxeitos á responsabilidade penal polos delitos e faltas que cometan no exercicio da súa profesión.

Capítulo II

Da responsabilidade civil

Artigo 65º

Os graduados sociais están suxeitos á responsabilidade civil cando por dolo ou negligencia danen as intereses que tivesen confiados no exercicio da súa profesión, sendo exixible esta responsabilidade conforme a lexislación ordinaria ante os tribunais de xustiza.

Capítulo III

Da responsabilidade ante os órganos xurisdicionais

Artigo 66º

Na súa actuación ante os órganos xurisdicionais os graduados sociais están suxeitos ás correccións disciplinarias establecidas na Lei orgánica do poder xudicial e nas leis procesuais.

Capítulo IV

Da responsabilidade disciplinaria

Sección primeira

Faltas e sancións

Artigo 67º

As faltas cometidas polos graduados sociais poden ser moi graves, graves e leves.

Artigo 68º

Son faltas moi graves:

a) Os actos e omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión, ás regras éticas que a gobernan e aos deberes establecidos nestes estatutos.

b) A comisión de delitos dolosos, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión.

c) A infracción do réxime de incompatibilidades establecido nos estatutos.

d) O atentado contra a dignidade ou honra dos membros do Consello Xeral, do Consello Galego de Colexios Oficiais de graduados sociais de Galicia, e do presidente do colexio.

e) A alteración maliciosa dos datos consignados en documentos que expidan ou outorguen.

f) A realización de actos de competencia ilícita ou desleal.

g) O encubrimento dos casos coñecidos de intrusismo profesional.

h) O exercicio das funcións profesionais sen estar dado de alta como exercente.

i) A reincidencia en falta grave.

Artigo 69º

Son faltas graves:

a) A demora, negligencia ou descoidos reiterados no cumprimento dos deberes profesionais e corporativos que causen notorio prexuízo ou quebranto.

b) O incumprimento das normas estatutarias ou dos acordos adoptados polos órganos colexiais no ámbito da súa competencia.

c) O reiterado incumprimento da obrigaón de atender as cargas colexiais salvo que constituía falta de maior gravidade.

d) A falla de respecto, por acción ou omisión aos membros do Consello Xeral, do Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, e da xunta de goberno cando actúen no exercicio das súas funcións.

e) A desconsideración grave a autoridades, clientes ou compañeiros no exercicio da profesión.

f) A inasistencia inustificada a unha citación do presidente do Consello Xeral, autonómico ou do colexio correspondente cando iso cause grave prexuízo á corporación.

g) O incumprimento da obrigaón de información ao colexio acerca da utilización de medios publicitarios para dar a coñecer os seus servizos como graduado social, así como a infracción das normas que sobre publicidade dispoñan os órganos colexiais,

e a realización de publicidade sen obter a autorización da xunta de goberno.

h) O incumprimento das prescricións establecidas no artigo 7 do R.D. 3549/1977, do 16 de decembro, sobre funcionamento e asociación de profesionais.

i) O incumprimento do deber de solicitar a venia nos termos establecidos nestes estatutos.

j) Os actos e omisións descritos nas alíneas a), b), c), d) e f) do artigo anterior cando non tivesen entidade suficiente para ser considerados como moi graves.

Artigo 70º

Son faltas leves:

a) A demora ou negligencia no desempeño das funcións profesionais que teñan

encomendadas, sempre que non ocasione prexuízo ou quebranto notorio.

b) A falla de respecto aos membros de Consello Xeral, do consello autonómico e da xunta de goberno no exercicio das súas funcións, cando non constitúa falta grave ou moi grave.

c) Os actos enumerados no artigo anterior cando non tivesen entidade suficiente para ser considerados como graves.

Artigo 71º

As sancións que poden impoñerse son:

1. Por faltas moi graves:

a) Suspensión do exercicio da profesión por prazo superior a seis meses sen exceder dous anos.

b) Suspensión dos dereitos colexiais por prazo superior a seis meses sen exceder dous anos.

c) Expulsión do colexio.

2. Por faltas graves:

a) Suspensión do exercicio da profesión por un prazo non superior a seis meses.

b) Suspensión dos dereitos colexiais por un prazo non superior a seis meses.

3. Por faltas leves:

a) Reprensión privada.

b) Apercibimento por escrito.

Sección segunda

Procedemento

Artigo 72º

1. Corresponde á xunta de goberno a incoación do expediente disciplinario e o nomeamento de instrutor na persoa da xunta en quen se delegue e, se é o caso, do secretario.

2. A imposición de sancións é da exclusiva competencia da xunta de goberno, que adoptará os seus acordos por maioría de votos emitidos de forma secreta entre os membros presentes en sesión convocada

para o efecto, excluído o membro da xunta de goberno que realizase a función de instrutor do expediente.

3. A sanción que se impoñerá por falta moi grave debe ser adoptada pola xunta de goberno mediante votación secreta e coa conformidade das dúas terceiras partes dos membros compoñentes dela. O membro da xunta que, inxustificadamente, non concorrese deixará de pertencer ao órgano rector do colexio.

Artigo 73º

1. As facultades disciplinarias en relación cos membros da xunta de goberno corresponde ao Consello de Colexios da Comunidade Autónoma ou, se é o caso, ao Consello Xeral.

2. Contra os acordos da xunta de goberno, caberá recurso de alzada ante o consello autonómico ou o Consello Xeral, como requisito previo ao recurso contencioso-administrativo.

Artigo 74º

Na imposición das sancións deberase gardar a debida proporción entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente a existencia de intencionalidade ou reiteración, e a natureza dos

prexuízos causados, como criterios para a gradación da sanción.

Artigo 75º

1. As sancións disciplinarias executaranse unha vez que sexan firmes en vía administrativa.
2. As sancións que impliquen suspensión do exercicio da profesión ou expulsión dun colexio terán efectos no ámbito de todos os colexios de Graduados Sociais de España, ao fin do cal deberán ser comunicadas ao Consello Xeral para que este as traslade aos demais colexios, que se absterán de incorporar ou habilitar o sancionado mentres estea vixente a sanción.

Artigo 76º

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extínguese polo cumprimento da sanción, a morte do colexiado, a prescrición da falta e a prescrición da sanción.
2. A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e a sanción quedará en suspenso para ser cumprida se o colexiado causase novamente alta no colexio.

Sección terceira

Prescrición

Artigo 77º

1. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
2. O prazo de prescrición das faltas comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do colexiado, do procedemento sancionador, restablecéndose de novo o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis de dous meses por causa non imputable ao colexiado inculpado.

Artigo 78º

1. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves aos seis meses.
2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do colexiado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer de novo o prazo se aquel estiver paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ao colexiado sancionado.
4. O prazo de prescrición da sanción cando o colexiado sancionado quebranta o seu cumprimento comezará a contarse desde a data do quebrantamento.

Sección cuarta

Anotación de correccións e sancións disciplinarias

Artigo 79º

1. As correccións disciplinarias que impoñan os xulgados ou tribunais ao graduado social faranse constar no expediente persoal deste.

2. As sancións disciplinarias corporativas faranse constar en todo caso no expediente persoal.

Sección quinta

Cancelación de sancións disciplinarias

Artigo 80º

1. A anotación das sancións de reprensión privada e apercibimento por escrito quedarán canceladas polo transcurso do prazo de seis meses desde que adquiriu firmeza, se durante ese tempo non dese lugar o sancionado a outro procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción.

2. A anotación da sanción de suspensión poderá cancelarse, a instancia do interesado, cando transcorresen ao menos dous ou catro anos desde a imposición firme da sanción, segundo se trate de falta grave ou moi grave, e durante este tempo non dese lugar o sancionado a novo procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción.

3. O colexiado sancionado coa expulsión do colexio poderá solicitar da xunta de goberno a rehabilitación cando transcorran ao menos seis anos desde a imposición firme da sanción. Para tal efecto, instruirase

o oportuno expediente, con audiencia do interesado, que resolverá a xunta de goberno de forma motivada en votación secreta sendo necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos seus membros.

TÍTULO VI

Do réxime dos acordos e a súa impugnación

Artigo 81º

Os acordos da xunta xeral e da xunta de goberno do colexio, e as decisións do presidente e demais membros dos órganos colexiados, ditadas no exercicio das súas funcións, serán inmediatamente executivos, salvo que o propio acordo estableza outra cousa ou se refira ao réxime disciplinario dos colexiados.

Artigo 82º

1. En cada colexio levaranse obrigatoriamente dous libros de actas onde se transcribirán separadamente as correspondentes á xunta xeral e á xunta de goberno.

2. As actas serán asinadas polo presidente ou por quen o substituíse na presidencia e polo secretario ou quen desempeñara as súas funcións.

Artigo 83º

1. Os acordos ou decisións do presidente e dos demais membros da xunta de goberno poderán ser impugnados ante ela no prazo de quince días, contados desde a súa publicación ou, se é o caso, notificación aos colexiados ou persoas a quen afecte. A xunta de goberno deberá resolver de forma expresa a impugnación no prazo de quince días, entendéndose desestimada se transcorre o citado prazo sen recaer resolución.

2. Contra a resolución expresa ou presunta do referido recurso caberá interpoñer recurso ordinario na forma prevista no artigo seguinte.

Artigo 84º

1. Os acordos adoptados pola xunta de goberno poderán ser obxecto de recurso ordinario ante o consello correspondente dentro do prazo dun mes desde a súa publicación, ou, se é o caso, notificación aos interesados.

2. O recurso presentárase ante a xunta de goberno, que deberá remitilo ao consello correspondente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

3. A interposición do recurso deberá expresar:

a) O nome e apelidos do recorrente así como a identificación do medio e, se é o caso, do lugar que se sinala para efectos de notificacións.

b) O acto que se impugna e a razón da súa impugnación.

c) Lugar, data e identificación persoal do recorrente.

d) Órgano a que se dirixe.

e) As demais particularidades exixidas, se for o caso, polas disposicións específicas.

Artigo 85º

1. A interposición do recurso, agás nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspende a execución do acto impugnado, ben que o consello, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaríase o interese colexial ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto impugnado, poderá suspender de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto recorrido cando a execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, ou a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 98º destes estatutos.

2. O acordo de suspensión deberá adoptarse no prazo de trinta días contados desde a solicitude, entendéndose concedida se transcorre o referido prazo sen ditarse resolución expresa.

Artigo 86º

1. Os acordos da xunta xeral serán impugnables pola xunta de goberno ou por calquera colexiado con interese lexítimo ante o consello correspondente no prazo dun mes desde a súa adopción.

2. Se a xunta de goberno entendese que o dito acordo é gravemente perxudicial para os intereses do colexio ou contrario ao ordenamento xurídico, poderá, ao tempo de formular o recurso previsto no parágrafo anterior, suspender inmediatamente a execución daquel, que deberá ratificar ou deixar sen efecto o consello correspondente no prazo de dez días.

Artigo 87º

1. Os actos dos órganos colexiais son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

a) Os que lesionen o contido esencial dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

c) Os que teñan un contido imposible.

d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.

e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente

establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

2. Son anulables os actos dos órganos colexiais que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.

3. O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.

4. A realización de actuacións fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o imponha a natureza do termo ou prazo.

Artigo 88º

Os actos das xuntas xerais, e da xunta de goberno do colexio, en canto estean suxeitos ao dereito administrativo, unha vez esgotados os recursos corporativos, son directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, precedendo a comunicación ao órgano que ditou o acto impugnado.

Artigo 89º

1. As notificacións dos acordos da xunta xeral e da xunta de goberno, e as decisións do presidente e demais membros dos órganos colexiados practicaranse na forma prevista na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os prazos expresados en días enténdese que son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos, os declarados festivos e o mes de agosto.

3. En todo o non expresamente regulado rexe como supletoria a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TÍTULO VII

Das relacións coas administracións

Artigo 90º

1. O Colexio de Graduados Sociais relacionarase coa comunidade autónoma, no marco da cooperación de acordo coa Lei de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO VIII

Honras

Artigo 91º

1. Créanse os títulos de presidente de honra e colexiado de honra, que poderán ser conferidos pola xunta xeral, por proposta da xunta de goberno do colexio para premiar os méritos que, no exercicio da profesión, contraian os colexiados e os servizos relevantes que lle presten as persoas ou colectividade alleas ao colexio. Ambos os títulos terán carácter vitalicio.

2. Os ex presidentes e as persoas que teñan o título de presidente de honra terán dereito, nos actos públicos do colexio, a usar toga cos símbolos que distinguen ao presidente, e a ocupar neles un lugar preferente.

TÍTULO IX

Extinción e liquidación do colexio

Artigo 92º

A extinción do colexio requirirá o acordo previo da xunta de goberno, que deberá ser ratificado polos 2/3 dos colexiados en xunta xeral convocada para o efecto. A liquidación levarase a cabo conforme ás disposicións legais vixentes e prescricións contidas no acordo de disolución adoptado pola xunta xeral.

Disposicións transitorias

Primeira.-Respectaranse as situacións creadas e os dereitos adquiridos consonte o réxime anteriormente en vigor, sempre que non se opoñan ao disposto nestes estatutos.

Segunda.-A xunta de goberno queda facultada para a adaptación da súa actual composición ás prescricións do artigo destes estatutos sen máis limitacións que as derivadas da duración máxima de catro anos prevista para os seus cargos.

Disposición adicional

Este estatuto enténdese sen prexuízo do que sobre desta materia, de acordo coa Constitución, a lexislación do Estado e a do Estatuto de autonomía, regule a Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

En todo o non previsto por estes estatutos, observarase o disposto no R.D. 3549/1977, do 16 de decembro, mediante o que se aproban os estatutos dos colexios oficiais de graduados sociais, ou norma que, se é o caso, a substitúa.